

## Directorio de empresas e unidades locais. Ano 2010

### NOTA DE PRENSA

#### O número de empresas en Galicia baixa un 1,2%

##### Empresas segundo a sede social

Segundo a explotación estatística do directorio de empresas e unidades locais elaborada polo Instituto Galego de Estatística, durante o ano 2009 o número de empresas en Galicia baixou un 1,2% ata situarse en 212.771 o día 1 de xaneiro de 2010.

Do total de empresas en Galicia, 207.538 teñen a súa sede social en Galicia e as 5.233 restantes realizan algunha actividade económica dentro da comunidade autónoma pero teñen a súa sede social fóra dela.

Por provincias, as maiores caídas no número de empresas producíronse en Pontevedra (1,6%) e na Coruña (1,2%).

##### Número de empresas en Galicia segundo a sede social. Ano 2010

|                 | Número de empresas | Variación sobre o ano anterior |              |
|-----------------|--------------------|--------------------------------|--------------|
|                 |                    | Absoluta                       | Relativa (%) |
| <b>Total</b>    | <b>212.771</b>     | <b>-2.542</b>                  | <b>-1,2</b>  |
| Galicia         | 207.538            | -2.332                         | -1,1         |
| A Coruña        | 86.841             | -1.038                         | -1,2         |
| Lugo            | 25.757             | -48                            | -0,2         |
| Ourense         | 24.038             | -76                            | -0,3         |
| Pontevedra      | 70.902             | -1.170                         | -1,6         |
| Fóra de Galicia | 5.233              | -210                           | -3,9         |

Fonte: IGE. Explotación do directorio de empresas e unidades locais

##### Empresas segundo a personalidade xurídica

Segundo a personalidade xurídica da empresa, a persoa física é a titularidade máis habitual dentro do tecido empresarial galego, xa que preto do 56,4% das empresas en Galicia teñen esta personalidade xurídica. Con respecto ao ano 2009 o número de persoas físicas diminuíu un 2,3% e as sociedades anónimas un 4%. Pola contra, constan 102 sociedades de responsabilidade limitada máis que en 2009.

**Número de empresas en Galicia segundo a personalidade xurídica. Ano 2010**

|   | Número de empresas | Variación sobre o ano anterior |              |
|---|--------------------|--------------------------------|--------------|
|   |                    | Absoluta                       | Relativa (%) |
| <b>Total</b>                            | <b>212.771</b>     | <b>-2.542</b>                  | <b>-1,2</b>  |
| Persoas físicas                         | 120.039            | -2.874                         | -2,3         |
| Sociedades anónimas                     | 5.513              | -228                           | -4,0         |
| Sociedades de responsabilidade limitada | 68.280             | 102                            | 0,1          |
| Sociedades cooperativas                 | 949                | -8                             | -0,8         |
| Outros                                  | 17.990             | 466                            | 2,7          |

Fonte: IGE. Explotación do directorio de empresas e unidades locais

**Empresas segundo a actividade principal**

Atendendo á actividade principal segundo a CNAE-2009, o 26,7% das empresas dedícanse a actividades de comercio e reparacións. Séguenlle en importancia as empresas dedicadas á construción (17,5%), actividades profesionais, científicas e técnicas (10,8%) e hostalaría (10,7%). Con respecto ao ano anterior o número de empresas con actividade principal na construción diminuíu un 4,2%.

**Número de empresas en Galicia segundo a actividade principal (CNAE-2009). Ano 2010**

|   | Número de empresas | Variación sobre o ano anterior |              |
|---|--------------------|--------------------------------|--------------|
|   |                    | Absoluta                       | Relativa (%) |
| <b>Total</b>  | <b>212.771</b>     | <b>-2.542</b>                  | <b>-1,2</b>  |
| B Industrias extractivas  | 422                | -25                            | -5,6         |
| C Industria manufactureira  | 15.175             | -437                           | -2,8         |
| D Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado                      | 533                | 90                             | 20,3         |
| E Fornecemento de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación | 214                | 22                             | 11,5         |
| F Construción   | 37.228             | -1.624                         | -4,2         |
| G Comercio por xunto e ao retalho; reparación de vehículos de motor e motocicletas        | 56.739             | -1.029                         | -1,8         |
| H Transporte e almacenamento  | 13.022             | -268                           | -2,0         |
| I Hostalaría  | 22.789             | 26                             | 0,1          |
| J Información e comunicacións   | 2.273              | 49                             | 2,2          |
| K Actividades financeiras e de seguros  | 4.191              | 65                             | 1,6          |
| L Actividades inmobiliarias   | 3.831              | 115                            | 3,1          |
| M Actividades profesionais, científicas e técnicas  | 23.025             | 143                            | 0,6          |
| N Actividades administrativas e servizos auxiliares                                       | 8.224              | -51                            | -0,6         |
| P Educación   | 4.422              | 349                            | 8,6          |
| Q Actividades sanitarias e de servizos sociais  | 6.783              | -117                           | -1,7         |
| R Actividades artísticas, recreativas e de entretemento                                   | 4.159              | 42                             | 1,0          |
| S Outros servizos   | 9.741              | 108                            | 1,1          |

Fonte: IGE. Explotación do directorio de empresas e unidades locais

## Empresas segundo o estrato de asalariados

O 95,2% das empresas en Galicia conta con menos de 10 asalariados. De feito, a principios de 2010 realizaban algunha actividade económica en Galicia 128.252 empresas sen asalariados, o que supón o 60,3% do total de empresas. Con respecto ao ano anterior produciuse unha baixada no número de empresas para todos os estratos de asalariados agás no de empresas sen asalariados, que se incrementou en 613 empresas.

### Número de empresas en Galicia segundo o estrato de asalariados. Ano 2010

|                          | Número de empresas | Variación sobre o ano anterior |              |
|--------------------------|--------------------|--------------------------------|--------------|
|                          |                    | Absoluta                       | Relativa (%) |
| <b>Todos</b>             | <b>212.771</b>     | <b>-2.542</b>                  | <b>-1,2</b>  |
| sen asalariados          | 128.252            | 613                            | 0,5          |
| de 1 a 5 asalariados     | 66.614             | -2.009                         | -2,9         |
| de 6 a 9 asalariados     | 7.797              | -493                           | -5,9         |
| de 10 a 19 asalariados   | 5.384              | -280                           | -4,9         |
| de 20 a 49 asalariados   | 3.172              | -302                           | -8,7         |
| de 50 a 99 asalariados   | 920                | -44                            | -4,6         |
| de 100 a 499 asalariados | 558                | -24                            | -4,1         |
| 500 ou máis asalariados  | 74                 | -3                             | -3,9         |

Fonte: IGE. Explotación do directorio de empresas e unidades locais

## Demografía empresarial

Durante o ano 2009 déronse de alta en Galicia 18.770 empresas e de baixa 21.312, o que supón unha diminución do 3,4% no número de altas e un incremento do 8,5% no número de baixas, respecto ao ano anterior.

### Demografía empresarial das empresas en Galicia


|             | 2007    | 2008    | 2009    | 2010    |
|-------------|---------|---------|---------|---------|
| Alta        | 24.041  | 22.853  | 19.422  | 18.770  |
| Permanencia | 187.012 | 192.674 | 195.891 | 194.001 |
| Baixa       | 16.305  | 18.379  | 19.636  | 21.312  |

Fonte: IGE. Explotación do directorio de empresas e unidades locais

## Unidades locais<sup>1</sup>

O 44% das unidades locais existentes en Galicia o día 1 de xaneiro de 2010 estaban situadas nalgún dos 7 grandes municipios galegos. Os concellos de A Coruña e Vigo son os que concentran un maior número de unidades locais, con 29.080 e 28.880 respectivamente.

### Número de unidades locais. Ano 2010



Fonte: IGE. Explotación do directorio de empresas e unidades locais

Información detallada:

[http://www.ige.eu/web/mostrar\\_actividade\\_estadistica.jsp?idioma=gl&codigo=0307006001](http://www.ige.eu/web/mostrar_actividade_estadistica.jsp?idioma=gl&codigo=0307006001)

Pódese consultar a metodoloxía da estatística en:

[http://www.ige.eu/estatico/pdfs/s3/metodoloxias/met\\_empresas\\_10\\_gl.pdf](http://www.ige.eu/estatico/pdfs/s3/metodoloxias/met_empresas_10_gl.pdf)

---

#### Para máis información:

Instituto Galego de Estatística

Complexo Administrativo San Lázaro s/n

15703 Santiago de Compostela (A Coruña)

Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp>

Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)

FAX: 981.54.13.23

Notas de prensa en : <http://www.ige.eu>

Síguenos en Twitter: [http://twitter.com/#!/IGE Estadística](http://twitter.com/#!/IGE_Estadistica)

Síguenos en facebook:

<http://www.facebook.com/pages/Instituto-Galego-de-Estat%C3%ADstica/288505021166027?sk=wall>

---

<sup>1</sup> Unidade local: Empresa ou parte dela (taller, fábrica, oficina, mina, depósito,...) emprazada nun lugar no que se realizan actividades económicas baixo a responsabilidade do seu titular.